



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

## **BANDO**

**María Inés Monteagudo Romero, como alcaldesa-presidenta do Concello de Muros,**

O 9 de maio publicouse no Boletín Oficial do Estado a Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara á unha nova normalidade

Vista a Orde e de acordo coas competencias **establecidas polo estado de alarma, en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara á unha nova normalidade**, é polo que a través deste BANDO,

### **FAGO SABER:**

**Primeiro.-** Deberase adoptar as medidas necesarias para cumprir coas normas de seguridade e de hixiene e/ou prevención nos sectores de actividade que poden reiniciar a súa actividade mediante a utilización de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade para a limpeza de mans, ou cando isto non sexa posible, auga e xabón.

**Segundo.-** De acordo co disposto no artigo 5.2 da Orde 380/20 elimínanse as franxas horarias para as saídas da poboación xeral (persoas e deporte non profesional) en todas as parroquias do termo municipal e, independente da anulación das franxas horarias, segue vixente as demais restricións establecidas pola normativa estatal.

A práctica do deporte será individual, unha vez ao día.

### **Maiores de 14 anos:**

Poderase saír aos paseos acompañado dunha persoa convivinte, unha vez ao día e a un quilómetro de distancia do domicilio.

### **Menores de 14 anos:**

Os paseos de menores de 14 anos será unha vez ao día con distancia máxima de un quilómetro e sempre acompañados por unha persoa adulta que como máximo poderá acompañar a tres nenos ou nenas.





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**Terceiro.-** Procederáse á reapertura do cemiterio municipal cun aforo máximo de 15 persoas para acompañar a enterros e 15 persoas máis, noutro caso, gardando a distancia de seguridade de dous metros.

**Cuarto.-** Non se procederá á realización de mercados no termo municipal durante esta primeira fase de desescalada.

**Quinto.-** Procederáse á apertura da Biblioteca municipal de Muros, unicamente para realización e devolución de préstamos, mediante solicitude ao teléfono 981 762 294 en horario de 8.00 a 14.00 h e atención ao público con cita previa de luns a venres de 11.00 a 13.30 h.

**Sexto.-** Os centros de interpretación, as salas e centros de exposición municipais permanecerán pechadas ao público durante esta primeira fase.

**Sétimo.-** Non están prevista a organización polo Concello de actividades culturais, nin espectáculo públicos durante esta primeira fase.

**Oitavo.-** Os centros deportivos e as instalación deportivas municipais non abrirán ao público durante esta primeira fase.

**Noveno.-** Nas praias, áreas recreativas e espazos naturais do termo municipal, unicamente se poderán realizar as actividades permitidas, de paseo e deporte individual, e nas condicións establecidas na norma (Orde SND 380/20 de 30 de abril publicada no BOE nº121 de 1 de maio de 2020)

En todo caso, prérgase a toda a cidadanía que actúe con responsabilidade e prudencia e que siga as recomendacións das autoridades sanitarias.

En Muros, a alcaldesa

Documento asinado electronicamente

